

MEMORIA DE ACTIVIDADES DA UCC+i ANO 2023

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo vertebra e coordina as actividades de comunicación social da ciencia da Universidade e ofrece apoio e formación ao corpo investigador tanto na difusión dos seus resultados de investigación como nas actividades de cultura científica nas que participe. A UCC+i, que depende organicamente da Vicerreitoría de Investigación e da Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais, naceu en marzo de 2019 coa finalidade de levar a cabo as seguintes cinco grandes liñas de actuación:

1. Difusión dos resultados da I+D+i desenvolvida na Universidade de Vigo e o seu impacto na sociedade, así como a posta en valor da investigación e da figura da persoa investigadora.
2. Divulgación xeral de ciencia e tecnoloxía.
3. Asesoramento e formación ao corpo investigador en comunicación científica e comunicación social da ciencia.
4. Fomento de vocacións científicas e tecnolóxicas.
5. Investigación nos procesos da comunicación social da ciencia.

A UCC+i traballa con todos os ámbitos de coñecemento que desenvolve a investigación da Universidade de Vigo: científico, humanístico, tecnolóxico e xurídico-social e prestando especial atención ás consideracións de xénero.

No presente informe expoñemos as diferentes accións levadas a cabo por parte das técnicas de comunicación desta unidade. Andrea Otero estivo ao fronte da unidade ata o mes de abril de 2023, cando se incorporaron as técnicas actuais: Karina Rivero, Elena Muíños e Ana Costa.

ACTIVIDADES XERAIS LEVADAS A CABO AO LONGO DE TODO O ANO

MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DE CONTIDOS DA PÁXINA WEB E DAS REDES SOCIAIS DA UCC+i

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo conta con páxina web e perfís propios nas diferentes redes sociais, co fin de ter canles de comunicación efectivas e directas que acheguen a ciencia e os traballos de investigación da institución á sociedade.

Desde que se crearon, na UCC+i fíxose unha actualización periódica da web e das redes sociais, compartindo noticias de interese, difundindo resultados de investigación, fomentando as vocacións científicas e compartindo material audiovisual de creación propia, ademais de dar difusión ás diferentes actividades de divulgación científica que se organizan desde a Universidade.

Esta é a URL da web da UCC+i: <http://ucc.webs.uvigo.es/>

Estas son as RRSS nas que a Unidade ten presenza e os seus datos máis relevantes deste ano 2023:

- Facebook
 - 110 publicacións no ano 2023
 - 866 persoas ás que lle gusta
 - 1034 seguidores
- Twitter
 - 137 tuits no ano 2023
 - 1118 seguidores
- Instagram
 - 38 publicacións no ano 2023
 - 1186 seguidores
- LinkedIn
 - 87 publicacións no ano 2023
 - 888 seguidores (112 novos)
- YouTube
 - 14 vídeos publicados no ano 2023
 - 166 subscritores

XERACIÓN DE CONTIDO AUDIOVISUAL PARA REDES SOCIAIS

Co obxectivo de aportar maior dinamismo ás redes sociais da UCC+i e, sobre todo, coa intención de fomentar as vocacións científicas e de achegar o coñecemento e o traballo do persoal investigador da Universidade á sociedade, elaboráronse varias pezas audiovisuais de curta duración:

- **Vídeo Que facemos? CINBIO – Lorena Vázquez**
 - Ligazón: <https://youtu.be/Yt6K65OWt4c>
- **Vídeo Que facemos? CIM – Henar e Sara**
 - Ligazón: <https://youtu.be/fM-Lb8eE24Y>
- **Vídeo Que facemos? CINTECX – María Pazo**
 - Ligazón: <https://youtu.be/Y2PQdcxDJMM>
- **Vídeo Que facemos? AtlanTTic – Laura Docío**
 - Ligazón: <https://youtu.be/VzLRChIzxls>
- **Vídeo Sección Minutases – Sara Albán**
 - Ligazón: <https://www.youtube.com/watch?v=p9Zuwj2C0sU>

BRANDED CONTENT

Dende a UCC+i coordinouse a publicación de diferentes artigos de *Branded Content* sobre o Plan Anual de Actividades “Ciencia de Ida e Volta” e sobre outros temas de interese para a universidade. En concreto, publicáronse:

- No espazo radiofónico **Bata, Bota, Bits**, emitido en Radio Vigo Cadena Ser, fixéronse un total de **6 entrevistas** sobre diferentes temas. Ademais, tamén se realizou co mesmo medio o programa de “Hoy por hoy” en directo dende o edificio Redeiras, a mañá do día da celebración da G-Night, o venres 29 de setembro.
- En Onda Cero coordinouse a emisión de 8 entrevistas.
- Na emisora Cope, realizáronse un total de 3 entrevistas.

- En Atlántico e La Región:
 - 4 Páxinas de domingo na publicación en papel
 - 6 Podcasts
 - 6 Publicacións no medio dixital
- No medio dixital Galicia Confidencial coordináronse 8 campañas publicitarias, que incluían banner dinámico e reportaxe con fotografías.
- En GCiencia publicáronse un total de 10 artigos, acompañados todos eles dun banner dinámico e de publicacións nas súas redes sociais.
- No medio Treintayseis leváronse a cabo 9 publicacións, acompañadas sempre de dous banners dinámicos publicitarios e publicacións nas súas redes sociais.
- Nós TV é outro dos medios dixitais no que se realizaron publicacións. En total 10 artigos acompañados de banner e de publicacións nas súas redes sociais. Ademais, neste medio insertáronse dous spots publicitarios sobre: o grao en Educación Social (campus de Ourense) e a Escola Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (campus de Vigo).
- En Pontevedra Viva realizáronse 2 publicacións de *Branded Content*.
- En Vigoé coordinouse a publicación dun total de 3 publicacións.
- Por último, no medio Diario de Pontevedra publicáronse 11 artigos.

COORDINACIÓN CON “THE CONVERSATION ESPAÑA”

Dende a UCC+i encargámonos de coordinar as publicacións do persoal investigador da Universidade de Vigo na edición española da publicación dixital de divulgación científica [“The Conversation”](#).

Ata o momento, 93 investigadores e investigadoras da universidade xa están en contacto coa revista para colaborar con artigos divulgativos sobre diferentes temas. Neste ano 2023 publicáronse un total de 31 artigos (incluíndo as diferentes traducións), por 24 autores e cun total de 1.318.549 lecturas:

- *Las discusiones conyugales y su impacto en los hijos*, Francisca Rivera Fariña
<https://theconversation.com/las-discusiones-conyugales-y-su-impacto-en-los-hijos-190674>
- *Cómo ganar músculo con un torniquete: ¿qué es el entrenamiento con restricción de flujo sanguíneo?*, Lorenzo Antonio Justo Cousiño e Salvador Santiago Pescador (Universidade Europea Miguel de Cervantes)
<https://theconversation.com/como-ganar-musculo-con-un-torniquete-que-es-el-entrenamiento-con-restriccion-de-flujo-sanguineo-195990>
- *¿Cuáles son los factores que condicionan el buen aprendizaje a lo largo de la vida?*, Mar García Señorán
<https://theconversation.com/cuales-son-los-factores-que-condicionan-el-buen-aprendizaje-a-lo-largo-de-la-vida-196760>
- *¿Es posible un avión supersónico silencioso? El X-59 de la NASA está en cocina*, Alejandro Manuel Gómez San Juan
<https://theconversation.com/es-posible-un-avion-supersonico-silencioso-el-x-59-de-la-nasa-esta-en-cocina-197243>

- *Cinco cosas que debería saber sobre el dolor de espalda*, Lorenzo Antonio Justo Cousiño
<https://theconversation.com/cinco-cosas-que-deberia-saber-sobre-el-dolor-de-espalda-196756>
- *La celulosa de la ría de Pontevedra: cómo preservar el trabajo y el medioambiente*, Mario Pansera
<https://theconversation.com/la-celulosa-de-la-ria-de-pontevedra-como-preservar-el-trabajo-y-el-medioambiente-199847>
- *Autopsia a una momia de sirena*, Iria Souto Castro
<https://theconversation.com/autopsia-a-una-momia-de-sirena-201014?fbclid=IwAR1DDDjlkHi2bFl2bb8NNjiVVG5Yf-IzkU-cLcWKxKNprN9D4a4ZMbquR2k>
- *Las claves de la Conferencia del Agua de la ONU*, Laura Movilla Pateiro
<https://theconversation.com/las-claves-de-la-conferencia-del-agua-de-la-onu-201987>
- *Por qué es preocupante que los niños no jueguen tanto como antes*, Ángeles Conde Rodríguez
<https://theconversation.com/por-que-es-preocupante-que-los-ninos-no-jueguen-tanto-como-antes-201013>
- *Por qué nos mareamos en los coches (pero menos en los asientos delanteros)*, Juan Pérez Fernández e Paula Rivas Ramírez
<https://theconversation.com/por-que-nos-mareamos-en-los-coches-pero-menos-en-los-asientos-delanteros-202523>
- *España y Marruecos: vecinos y mejores socios comerciales*, Pablo Cabanelas
<https://theconversation.com/espana-y-marruecos-vecinos-y-mejores-socios-comerciales-202310>
- *Sostenibilidad y democracia en el lugar de trabajo*, Mario Pansera
<https://theconversation.com/sostenibilidad-y-democracia-en-el-lugar-de-trabajo-204324>
- *La trastienda de las campañas electorales: estrategias antes de las elecciones*, José Rúas Araújo
<https://theconversation.com/la-trastienda-de-las-campanas-electorales-estrategias-antes-de-las-elecciones-205816>
- *Restaurar los ecosistemas degradados para reconciliar nuestro progreso con la naturaleza*, Adolfo Cordero
<https://theconversation.com/restaurar-los-ecosistemas-degradados-para-reconciliar-nuestro-progreso-con-la-naturaleza-206074>
- *¿Cómo y quién decide si una alumna o un alumno tiene altas capacidades?*, Aroa Otero Rodríguez
<https://theconversation.com/como-y-quien-decide-si-una-alumna-o-un-alumno-tiene-altas-capacidades-204425>

- *Soledad no deseada: principales causas y coste social*, Eva Rodríguez Míguez + (UDC: Berta Rivera Castiñeira e Bruno Casal Rodríguez)
<https://theconversation.com/soledad-no-deseada-principales-causas-y-coste-social-204336>
- *El impacto de la inteligencia artificial en la educación sexual*, María José Vázquez Figueiredo, Daniel González Peña, + Ricardo Fandiño Pascual (USC)
<https://theconversation.com/el-impacto-de-la-inteligencia-artificial-en-la-educacion-sexual-205412>
- *¿Debemos dar paga a nuestros hijos?*, Mónica Rodríguez Enríquez
<https://theconversation.com/debemos-dar-paga-a-nuestros-hijos-206017>
- *Why a holiday is good for you – even before you take time off*, Juan Pérez Fernández (con Roberto de la Torre, Karolinska Institutet)
<https://theconversation.com/why-a-holiday-is-good-for-you-even-before-you-take-time-off-209406>
- *Cómo descansar al máximo en vacaciones para volver con las pilas cargadas*, Juan Pérez Fernández (con Roberto de la Torre, Karolinska Institutet)
<https://theconversation.com/como-descansar-al-maximo-en-vacaciones-para-volver-con-las-pilas-cargadas-210478>
- *Cómo fomentar el juego al aire libre*, Ángeles Conde Rodríguez
<https://theconversation.com/como-fomentar-el-juego-al-aire-libre-203680>
- *La industria digital, los nuevos proxenetas del cibersexo*, Águeda Gómez Suárez
<https://theconversation.com/la-industria-digital-los-nuevos-proxenetas-del-cibersexo-212408>
- *¿De quién son los recursos naturales del espacio?*, Laura Movilla Pateiro
<https://theconversation.com/de-quien-son-los-recursos-naturales-del-espacio-214435>
- *Los estudiantes no pueden vivir sin música: cómo acercar la que enseñamos a la que escuchan*, Sara Domínguez Lloria
<https://theconversation.com/los-estudiantes-no-pueden-vivir-sin-musica-como-acercar-la-que-enseamos-a-la-que-escuchan-214041>
- *Las mujeres científicas siguen discriminadas 156 años después del nacimiento de Marie Curie*, Verónica Salgueiriño Maceira
<https://theconversation.com/las-mujeres-cientificas-siguen-discriminadas-156-anos-despues-del-nacimiento-de-marie-curie-217109>
- *Si tengo una lesión, ¿debo acudir al fisioterapeuta o al osteópata?*, Lorenzo Antonio Justo Cousiño
<https://theconversation.com/si-tengo-una-lesion-debo-acudir-al-fisioterapeuta-o-al-osteopata-213772>
- *Aplicaciones de geolocalización para niños y adolescentes: cómo usarlas adecuadamente*, Pedro Arias Sánchez, Henrique Lorenzo e Joaquín Martínez Sánchez

<https://theconversation.com/aplicaciones-de-geolocalizacion-para-ninos-y-adolescentes-como-usarlas-adecuadamente-216756>

PRIMEIRO TRIMESTRE: XANEIRO A MARZO DE 2023

11F NA UVIGO

Obradoiros “Elas Fan CienTec”

- En colaboración coa Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, o Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (CINBIO) e as tres escolas de enxeñaría do campus de Vigo: a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, a Escola de Enxeñaría Industrial e a Escola de Enxeñaría de Minas e da Enerxía.
- Obradoiros para fomentar as vocacións científico-tecnolóxicas de rapazas de Secundaria de institutos de nosa contorna, con motivo do 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia.
- O día 10 de febreiro de 2023, asistiron un total de 190 alumnas de 5 institutos de Vigo e concellos próximos, en concreto foron os seguintes: IES A Guía, IES Pedro Florianí, IES Escolas Proval, IES Illa de Tambo e IES Ricardo Mella.
- A UCC+i encargouse de:
 - Produción: contacto e coordinación cos 5 institutos participantes, realización dos pedimentos de funxibles, organización transporte e merendas dos alumnos e solicitude de merchandising.
 - Apoio na difusión en RRSS antes, durante e despois do evento.
 - Asistencia de produción durante o día do evento nos diferentes centros implicados.
 - Cobertura fotográfica, videográfica e en RRSS do evento.

Charlas en centros escolares

- En colaboración coa Unidade de Igualdade tamén se realizaron charlas en colexios e institutos de toda Galicia co dobre obxectivo de aumentar o interese das nenas polas carreiras científico-tecnolóxicas (debido á gran redución e brecha de xénero dos ámbitos STEM) e axudar a visibilizar o traballo das científicas, creando roles femininos no ámbito da ciencia e a enxeñaría.
- Entre o 2 de febreiro e o 9 de marzo, realizáronse un total de 73 charlas en 39 centros de toda Galicia, chegando a un total de 4.667 escolares. Por provincias, participaron 18 centros de Pontevedra, cun total de 2.096 alumnos e alumnas de primaria e secundaria (tanto ESO como Bacharelato). O resto das actividades dividíronse entre as provincias de A Coruña (11), Ourense (6) e Lugo (4), nas que participaron 1.030, 432 e 1.109 escolares respectivamente.
- A UCC+i encargouse de:
 - Chamamento interno ás investigadoras para potenciar a súa participación.
 - Produción: contacto e coordinación cos colexios e institutos participantes, realización dos pedimentos de funxibles necesarios para as charlas e obradoiros.
 - Rexistro das actividades na páxina oficial da iniciativa 11F.
 - Envío dos certificados de participación na iniciativa ás investigadoras.

Mesa redonda interxeracional

- O xoves 9 de febreiro ás 19.00 horas, tivo lugar no edificio Redeiras, en Vigo, unha charla interxeracional dirixida a un público adulto non especializado, na que catro investigadoras da Universidade de Vigo compartiron as súas experiencias como mulleres na ciencia.
- A charla estivo protagonizada por Helena Cortés Gabaudan (investigadora consolidada próxima a idade de xubilación), Julia A. Serra Rodríguez (investigadora consolidada), Julinda Molaes Cardoso (investigadora posdoutoral) e Uxía Gómez Bouzó (investigadora predoutoral), con Mónica Valderrama (vice-reitora de Comunicación e RRII) como moderadora da sesión. As investigadoras compartiron as súas experiencias ao longo das súas carreiras, en particular as dificultades relacionadas coa discriminación de xénero.
- A UCC+i encargouse da produción e organización de todo o evento.

Libro *Quero Ser Investigadora 3*

- Terceira edición deste catálogo de 10 investigadoras da Universidade de Vigo dirixido a escolares de primaria, ESO e Bacharelato coa finalidade de visibilizar o traballo das investigadoras e proporcionar referentes actuais e próximos.
- Neste novo volume, ilustrado por Olalla Fernández Álvarez, as protagonistas foron as investigadoras: Ángeles Sanromán, Aurora García, Irimia Mollinedo, Laura Movilla, María Gómez, María José Vázquez, Marina Núñez, Coral del Río, Verónica Salgueiriño e María del Pino Díaz. As súas traxectorias céntranse en campos diversos, dende as matemáticas e a química, ata o arte, a comunicación, a economía ou o dereito.
- A publicación *Quero ser investigadora 3* ten tamén unha versión dixital e acompáñase dunha guía didáctica que está dispoñible para a súa descarga a través dun código QR.
- Como novidade este ano, introducíronse contidos gamificados (un quiz e un xogo de verdadeiro ou falso) coa ferramenta *Genially* para complementar as actividades. Esta aplicación achega unha compoñente de animación e interactividade fundamental para as novas xeracións.
- A distribución do manual realizouse por dúas vías: online e física. A distribución física levouse a cabo en 144 centros das catro provincias (3 exemplares para cada uno deles). Ademais, para a promoción do libro imprimíronse libretas, distribuídas en conxunto cos catálogos para os colexios e institutos seleccionados. Por provincias, a distribución concentrouse en Pontevedra (99 centros). Os restantes centros distribuíronse entre Ourense (24), A Coruña (16) e Lugo (5).
- Dende a UCC+i fíxose unha intensa labor de difusión en RRSS, ademais de realizar o envío de exemplares en papel a centros educativos da nosa contorna.

SERIE DE PODCAST. DÍA MUNDIAL DA METEOROLOXÍA

- Elaboración de 5 entrevistas en formato podcast para conmemorar o Día Mundial da Meteoroloxía, que se celebra o 23 de marzo de 2023.
- Estas gravacións preparáronse en colaboración co persoal investigador do Centro de Investigación Mariña (CIM) e teñen como títulos:

- Influencia do océano na atmosfera, e viceversa! - Gabriel Rosón Porto
 - Proposta de avances para a obtención de datos de vento a alta resolución espacial - Ramiro Varela Benvenuto
 - Extremos climáticos - Diego Fernández Novo e Rubén Varela Rodríguez
 - Influencia da meteoroloxía nos ambientes costeiros: praias e bancos marisqueiros - Ana Bernabeu Tello
 - Fenómenos meteorolóxicos extremos e cambio climático - Gianluca Marino
- Estos 5 podcasts foron compartidos nas redes sociais e tamén están dispoñibles e pódense descargar en [Spotify](#) e en [UVigoTV](#).

SEGUNDO TRIMESTRE: ABRIL A XUÑO DE 2023

EXPOFEIRA CIENTÍFICA “A CIENCIA QUE VÉN TEN NOME DE MULLER”

A feira científica, que é un dos eventos de divulgación máis importantes do ano, tivo lugar o 21 de abril de 2023. Trátase dunha iniciativa que pretende dar a coñecer o traballo do persoal investigador da UVigo á sociedade e explicar como os seus estudos poden favorecer ao avance e ao progreso. A través de diferentes obradoiros, con accións específicas para escolares, tamén se busca o fomento das vocacións científicas entre os máis novos.

Nesta ocasión, colocáronse 12 stands na praza do Berbés, en Vigo, nos que estaban representados grupos e centros de investigación da universidade, ademais de ofrecer información de xénero por parte da UVigo e da Deputación de Pontevedra.

En total, 56 persoas estiveron involucradas na preparación da actividade e mostraron o que fan na súa profesión. Do total, un 56% foron mulleres investigadoras.

En canto ao público, pola mañá visitaron a feira 60 escolares do CEIP Plurilingüe García Barbón (Vigo) de 5º de primaria. Por la tarde a feira estaba aberta ao público e, a pesar do mal tempo, recibiu a 305 visitantes, segundo datos do contador de persoas da seguridade contratada para o evento.

Paralelamente á feira, realizouse unha visita concertada ao planetario do Instituto Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo. Nesta actividade participaron 40 persoas con inscrición previa. Para cerrar a feira celebrouse a Conferencia “Mulleres e ciencia” a cargo da investigadora Nair Varela Rouco, do CINBIO.

BIOBLITZ. DÍA MUNDIAL DA VIDA SILVESTRE

Outra das novidades no programa anual de actividades da UCC+i neste 2023 foi a celebración do primeiro *Bioblitz* da Universidade de Vigo. Esta acción consiste nun desafío no que os participantes deben atopar o maior número de especies no menor tempo posible. O obxectivo fundamental é achegar ás persoas ao medio ambiente e á diversidade, de maneira que aumenten os seus coñecementos sobre estes conceptos e comprendan a súa importancia.

Esta actividade, dirixida a estudantes e a público xeral, levouse a cabo o 12 de maio de 2023 nos campus de Ourense e Vigo, coa colaboración da Oficina de Medio Ambiente (OMA). Os participantes tiveron que realizar fotografías xeorreferenciadas de fitos de biodiversidade mediante a app *iNaturalist*. Ao finalizar o percorrido, os responsables realizaron o relato de mostras e outorgáronse premios aos grupos gañadores de cada campus, os cales consistiron en guías de campo temáticas.

Pola súa banda, o campus de Pontevedra, acolleu o relatorio *Biodiversidade, moito máis ca xenes e especies*, impartida por Adolfo Cordero, catedrático de Ecoloxía e Bioloxía Animal da Universidade de Vigo. Este relatorio está dispoñible na canle de [YouTube](#).

XORNADAS DA CREATIVIDADE E A INNOVACIÓN

As xornadas celebráronse o 24 de maio na Casa das Campás, en Pontevedra, e consistiron na realización de conferencias divulgativas para conmemorar o Día Mundial da Creatividade e a Innovación, que se celebra o 21 de abril. Durante a iniciativa, aberta ao público xeral con inscrición previa, investigadoras da Universidade de Vigo realizaron interesantes relatorios centrados na necesidade de empregar a investigación, a innovación e o pensamento creativo para construír un futuro máis sostible. En concreto acolléronse os seguintes relatorios:

- *Creatividade e innovación verde na captación de fondos europeos para construír sociedades máis sostibles*, a cargo de Eva Garea Oya, directora da Área de Proxectos Internacionais de Educación da Universidade de Vigo.
- *A investigación sostible do futuro*, a cargo da investigadora Carla Cameselle Llanos do grupo de investigación en Biomasa e Desenvolvemento Sostible (BioDeSost) do CINBIO.
- *Residuos agroindustriais: unha segunda vida como adsorbentes de contaminantes ou catalizadores para a xeración de combustibles*, a cargo de Aida María Díez Sarabia, investigadora no grupo de Bioenxeñaría e Procesos Sostibles (BIOSUV) do CINTECX.

As diferentes conferencias da xornada foron gravadas e están dispoñibles na canle de YouTube da unidade, o que permitiu darlle máis visibilidade e ter un maior alcance.

CONCURSO DE VÍDEOS “YOUTUBERS CIENTÍFICOS” E FORMACIÓN PERSOAL INVESTIGADOR

No 2023 tivo lugar a segunda edición do concurso de vídeos científicos da Universidade de Vigo, na que os investigadores podían participar presentando vídeos de contido científico divulgativo sobre o seu traballo.

Baixo o título “Claves para un vídeo divulgativo perfecto” e co obxectivo de desenvolver as competencias en comunicación social da ciencia, organizouse unha formación online previa para a comunidade investigadora, que foi impartida pola

divulgadora científica Tamara Pazos. Esta formación tivo moi boa acollida e contou coa participación de 55 persoas, dos cales un 69,1 eran mulleres e un 30,9, homes.

Ao concurso presentáronse catro candidatos, e os seus vídeos puidéronse votar a través da canle de YouTube da UCC+i. Nesta ligazón pódese ver a [lista de candidaturas](#).

Entregáronse dous premios, un polo voto do público e outro polo voto do xurado, que estaba formado por: Bibiana García Visos (directora técnica da Casa das Ciencias dos Museos Científicos Coruñeses), Manuel Vicente (divulgador científico, director de Efervescencia na Radio Galega e presidente da Asociación Galega de Comunicación Científica-Divulgación) e as técnicas da UCC+i da UVigo Karina Rivero e Ana Costa.

EMBAIXADORES DA CIENCIA E DO COÑECEMENTO

Esta actividade, realizada por segundo ano consecutivo xunto co Programa de Universitario de Maiores (PUM), enmarcada no plan anual Ciencia de ida e volta, comprendeu a realización de catro conferencias por parte de estudantes sénior da Universidade que, acompañados e asesorados por persoal investigador de cada un dos eidos, tiveron lugar en cafeterías e bares de Vigo, Ourense e Pontevedra. A participación foi moi boa e asistiron un total de máis de 80 persoas.

O programa final dos eventos foi o seguinte:

PONTEVEDRA, 20 de xuño de 2023 ás 18 h. La Gramola

Herbas de San Xoán

Alumno: Amancio Castro González
Mentora: Eugenia López de Silanes Vázquez

OURENSE, 26 de xuño de 2023 ás 17 h. El Cercano

Como emprender: Historia dunha pequena empresa familiar

Alumna: Antonia Blanes Hermida
Mentor: Alberto Vaquero García

VIGO, 28 de xuño de 2023 ás 19h. Café Uf Negra Sombra

Protección catódica de tubaxes e equipos enterrados

Alumno: Pedro Javier Zunzunegui Pérez
Mentora: Carmen María Abreu Fernández

XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE CIENCIA DE IDA E VOLTA

Realizouse unha memoria exhaustiva de actividades realizadas durante o ano lectivo. Ademais, fíxose un informe do impacto real acadado con cada unha destas accións en relación aos obxectivos marcados ao inicio do plan. Tamén se recompilaron abundantes imaxes dos materiais resultantes das actividades, así coma do material promocional, e incluíuse un informe de gasto realizado en coordinación coa Oficina de Proxectos Internacionais (OPI).

TERCEIRO TRIMESTRE: XULLO A SETEMBRO DE 2023

G-NIGHT. NOITE GALEGA DAS PERSOAS INVESTIGADORAS

A UCC+i volveu coordinar o consorcio e a organización do proxecto da **G-Night** (Noite Galega das Persoas Investigadoras), evento asociado á MSCA e Cidadanía, unha iniciativa da Unión Europea financiada por Marie Skłodowska Curie Actions (identificador da convocatoria HORIZON-MSCA-2022-CITIZENS-01).

Esta iniciativa encheu as cidades de Vigo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol e Lugo de actividades de divulgación científica. A Universidade de Vigo, a través da UCC+i, coordinou este evento en Galicia. Desde a UCC+i xestionouse a comunicación xeral do proxecto, incluíndo a xestión e produción de material promocional, e organizáronse as actividades (feira científica, conferencias divulgativas, charlas en bares, paseos científicos etc.) que a Universidade de Vigo realizou o 29 de setembro en Vigo, Ourense e Pontevedra, ademais de charlas divulgativas en centros escolares anteriores a esta data (*Researchers at Schools*).

Resumo de impacto. Accións da G-Night

Público asistente			
INCIPIT	Santiago	Tarde de portas abertas	27
IEGPS-CSIC	Santiago	Obradoiro escrituras e roteiro	25
USC	Santiago	Feira en Fonseca	1.058
CESGA	Santiago	Centro de Supercomputación	55
RAGC	Santiago	Charla presencial e online	140
Total Santiago			1.305
Xuvenciencia	Lugo	Obradoiros en Mercado e rúa	1.000
Total Lugo			1.000
UDC, SEBBM	Coruña	Feira científica	1.500
INIBIC	Coruña	INIBIC na DOMUS	112
Total Coruña			1.612
UDC	Ferrol	Feira científica	591
CIS	Ferrol	CIS Tecnoloxía e Deseño	245
Total Ferrol			836
UVigo	Vigo	Feira científica	700
UVigo	Vigo	Paseo en barco	12
IEO	Vigo	Feira científica	200
Uvigo	Vigo	Ciencia no bar	40
Total Vigo			952
UVigo	Pontevedra	Paseo científico Río Gafos	20
UVigo	Pontevedra	Ciencia no bar + Paseo Científico	20
Total Pontevedra			40
UVigo	Ourense	Ciencia no bar	40
Total Ourense			40
Total 7 cidades			5.785

Researchers at school 2023		
Vigo Ourense Pontevedra	Charlas e obradoiros divulgativos nos centros escolares da contorna das cidades nas que se celebra a G-Night	300
Total Vigo		300

PLAN CIENCIA DE IDA E VOLTA 2024 - 2025

No mes de outubro, preparouse o novo proxecto da UCC+i da Convocatoria 2023 de axudas para o fomento da cultura científica e da innovación da FECYT. Ao mesmo tempo, tamén se fixo asesoramento aos investigadores e grupos de investigación da UVigo para a presentación de proxectos á mesma convocatoria de FECYT.

PLAN CIENCIA DE IDA E VOLTA 2023 - 2024

A UCC+i puxo comezo no mesmo mes de outubro ao seu Plan Anual de actividades “Ciencia de Ida e Volta”, que conta co financiamento da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT) – Ministerio de Ciencia y Tecnología. En concreto, realizáronse as seguintes actividades:

- **Astrofamilias, o planetario desde dentro**

Evento de astronomía dirixido a un público familiar organizado con motivo da conmemoración da Semana Mundial do Espazo (4-10 de outubro). Este obradoiro participativo tivo lugar o martes 10 de outubro no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico, e estivo dinamizado por Adolfo Cordero, Capitán da Mariña Mercante e profesor de Navegación no mesmo instituto.

[Nesta actividade](#) tratouse de achegar o mundo da astronomía dun xeito ameno e sinxelo á cidadanía e, en especial, a un público familiar.

A participación foi aberta, previa inscrición, e cubríronse o total das 40 prazas dispoñibles.

- **Obradoiro “Comunica a túa ciencia”**

Xornada formativa de 10 horas de duración dirixida á comunidade investigadora celebrada os días 27 e 28 de novembro no edificio Redeiras, en Vigo. A participación tamén foi aberta e gratuíta ao PDI da UVigo ata completar as 40 prazas dispoñibles, con inscrición previa.

Na [formación](#) participaron os recoñecidos divulgadores Manuel Vicente, Óscar Menéndez e Laura Veiga. Tamén se contou coa aportación de investigadores expertos en divulgación da Universidade de Vigo. En concreto, participaron José Benito Vázquez Dorrío e membros do Centro de Investigación Mariña (CIM).

- **11F 2024 e Día Mundial da Xustiza Social**

Nesta última etapa do ano, dende a UCC+i iniciouse a coordinación e preproducción das actividades englobadas na iniciativa 11F para a súa próxima edición no ano 2024. En concreto, xa se fixo un chamamento interno ás investigadoras para a realización de charlas en colexios e se contactou con algúns centros. A día de hoxe temos confirmadas 47 charlas en 36 centros educativos de toda Galicia, que serán impartidas por 22 investigadoras da nosa institución.

Tamén se está levando a cabo a coordinación da actividade *Elas Fan CienTec*, o libro *Quero Ser Investigadora 4* e a charla interxeracional.

Por último, no ano 2024 levarase a cabo unha nova actividade polo Día Mundial da Xustiza Social que xa se está artellando. Esta iniciativa inclúe a elaboración dun

minidicionario da Xustiza Social, vídeos divulgativos e unha conferencia sobre a “Xustiza social para combater a desigualdade no mercado laboral”.

OUTROS TRABALLOS REALIZADOS

SECCIÓN MINUTESES

Coa finalidade de dinamizar as redes sociais da unidade e divulgar os proxectos de investigación que se están a levar a cabo na Universidade de Vigo, a UCC+i acaba de iniciar no mes de decembro unha nova sección. *Minuteses* pretende dar voz a investigadores que acaban de doutorarse, para que falen da súa tese nun minuto. A idea é realizar vídeos moi curtos, cunha linguaxe non especializada e dirixidos a un público xeral que se poidan difundir por redes sociais. O día 22 de decembro publicouse o primeiro, protagonizado pola investigadora Sara Albán e os resultados foron estupendos.

CONCURSO HILO TESIS

Dende a Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i) tamén se coordinou a participación da UVigo na terceira edición do concurso Hilo Tesis, un certame organizado pola Crue cuxo obxectivo é promover o desenvolvemento das habilidades de comunicación e divulgación científica entre o estudiantado de doutoramento e recentes doutores e doutoras. Para iso, as persoas participantes debían explicar a súa tese doutoral nun fío de 20 tuits como máximo, nunha linguaxe sinxela, accesible e atractiva.

O papel da UCC+i foi o de contribuír á axeitada difusión da iniciativa entre a comunidade universitaria a través das canles internas e externas, incluíndo as propias redes sociais da unidade. Para iso, mantívose unha comunicación constante e fluída coa organización da iniciativa. Ademais, recolléronse os chíos da UVigo e conformouse un panel de expertos para a súa valoración, seleccionando aqueles máis válidos para pasar á fase final a través dunha rúbrica elaborada *ad hoc*. Dende a unidade tamén se conformou a acta da sesión e se elaboraron os diplomas (en colaboración co departamento de Imaxe), que logo foron enviados aos finalistas. A gañadora a nivel nacional resultou ser Vanesa Sanz, alumni da UVigo, polo que tamén se elaborou unha nota de prensa para a súa difusión por parte do DUVI.

UNIVERSO SOSTENIBLE

Universo Sostible é un proxecto de divulgación científica de ámbito nacional, onde investigadores e investigadoras de distintas universidades do país colaboran na realización dunha serie de vídeos, de carácter divulgativo, que buscan dar resposta a preguntas concretas sobre temas de actualidade de maneira comprensible para o conxunto da sociedade. A serie emítase na segunda canle de TVE.

Dende a UCC+i contribuíuse á materialización desta iniciativa dando soporte a UVigo TV nas fases de produción e gravación. O papel da unidade consistiu na busca de expertos e expertas relevantes nas áreas de coñecemento propostas polo programa. Esta escolma trasladouse a UVigo TV, quen se fixo cargo das gravacións, para algunhas das cales se ofreceu asistencia dende a UCC+i.

RECOLLIDA DE INDICADORES DE CULTURA CIENTÍFICA NA UVIGO

A UCC+i colaborou na recompilación de datos para a elaboración de informes de cultura científica por parte da Unidade de Análise e Programas. Concretamente, configurouse un formulario a través da secretaría virtual que foi difundido por medio das canles internas da universidade entre o persoal investigador. Previamente, establecéronse uns criterios para a axeitada selección de proxectos que encaixasen no concepto de cultura científica. Unha vez obtidos os datos necesarios, elaboráronse unha serie de táboas para a súa publicación no portal de Transparencia da universidade.

Así mesmo, achegáronse datos de cultura científica para a enquisa da FECYT e da CRUE sobre proxectos concedidos no ano 2022.

RONDA UNIVERSIDADES

A UCC+i achegou un total de 14 ideas de publicacións para promocionar a oferta formativa e os cursos de español para estranxeiros que oferta a UVigo nas redes sociais da Embaixada de España no Brasil. A colaboración tamén consistiu na elaboración dun *mailing* para persoas interesadas en estudar en España, aproveitando para destacar aquelas titulacións con pouca demanda e nas que quedan prazas vacantes ás que se pode acceder só coa homologación do título estranxeiro.

ASISTENCIA EN CONGRESOS

Nomeadamente, a unidade proporcionou asistencia nos congresos Open Science e EUNIS, colaborando no reparto de merchandising entre as persoas asistentes e na cobertura gráfica dos eventos para a súa efectiva difusión a través de redes sociais.

EDICIÓN DE VÍDEOS

A Unidade tamén prestou asistencia técnica na edición de vídeos para diferentes departamentos como a Unidade de Igualdade ou a Escola Aberta de Formación Profesional.

COLABORACIÓNS HABITUAIS CON OUTRAS UNIDADES

A Unidade colaborou dun xeito intermitente para a elaboración de foto fixa co DUVI e nas gravacións con UVigoTV, así como algunha colaboración esporádica na edición dos subtítulos para as pezas audiovisuais.